

Terceira.-Financiamento.

Esta encomenda de xestión non dará lugar a contraprestacións financeiras entre as partes, as cales asumirán os custos das actuacións que deben realizar segundo o establecido na devandita encomenda.

Cuarta.-Prazo de vixencia.

O prazo de vixencia deste acordo establécese desde a súa sinatura ata o peche definitivo do expediente.

Quinta.-A encomenda de xestión non supón cesión da titularidade das competencias nin dos elementos substantivos do seu exercicio, atribuídas á Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde.

Sexta.-É responsabilidade da Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde ditar os actos ou resolucións de carácter xurídico que dean soporte ou nos cales se integre a concreta actividade material obxecto desta encomenda de xestión.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2009.

Pablo Torres Arrojo
Director de Recursos
Económicos

Francisco Soriano Paredes
Xerente xeral do Complexo
Hospitalario Universitario
de Vigo

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, mediante Orde do 11 de xuño de 2009 (DOG nº 121, do 23 de xuño), de conformidade co establecido nas bases quinta e sexta da referida orde, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Adxudicar destino no posto de traballo que se indica á/ao funcionaria/o que se relaciona no anexo I desta orde.

Segundo.-O cesamento no destino actual da/o funcionaria/o que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento,

de tratarse da mesma localidade onde actualmente a/o funcionaria/o preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e co disposto na base sétima da convocatoria.

Terceiro.-A xefatura do centro en que cause baixa a/o funcionaria/o, así coma daquel en que obteña a praza, consignará no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión, das cales se dará traslado mediante copia á Dirección Xeral da Función Pública.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2009.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO

NRP: 3489249735 A2059.

Grupo: D.

Apelidos e nome: Vilariño Figueira, M^a del Carmen.

Posto de traballo: secretario/a do director/a xeral.

Código posto: PR.C09.00.000.15770.002.

Nivel: 18.

Centro directivo: Dirección Xeral de Administración Local.

Localidade: Santiago de Compostela.

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 10 de xullo de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia, grupo B, escala de enxeñeiros/as técnicos/as industriais convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 7, do 10 de xaneiro), pola que se fai pública a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo.

En sesión que tivo lugar o día 10 de xullo de 2009, o tribunal designado pola Orde do 8 de setembro de

2008 (DOG nº 176, do 11 de setembro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia, grupo B, escala de enxeñeiros/as técnicos/as industriais acordou, de conformidade co disposto na base IV da convocatoria:

Primeiro.-Facer pública, como anexo a esta resolución, a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuación acadada, con indicación do seu documento nacional de identidade.

De acordo co disposto na citada base, os aspirantes disporán dun prazo de vinte días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para presentar a documentación prevista nas letras a), b) e c) da base IV.2.

Segundo.-Eleva a devandita relación ao titular da Dirección Xeral da Función Pública para que elabore a proposta de nomeamento como funcionarios/as de carreira dos aspirantes que figuran nela.

Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2009.

Vanessa Cal Ríos
Presidenta do tribunal

ANEXO

Relación individual de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia, grupo B, escala de enxeñeiros/as técnicos/as industriais

Apelidos e nome	DNI	Exercicio 1	Exercicio 2	Exercicio 3	Concurso	Total
Mateo Macía, Mateo	34260198L	12,50	13,37	Exento	0	25,87
Mosquera Naveira, Pedro	32764510K	11,87	12,79	Apto	Non presenta	24,66
Aceiro Pérez, Joaquín	34927819L	11,66	11,63	Apto	Non presenta	23,29
Rodríguez Vázquez, Álvaro	33331788G	11,66	10,47	Exento	Non presenta	22,13
Vega Riveiro, Rafael	07964378F	11,66	10,12	Exento	Non presenta	21,78
Insua López, Juan Benito	52497164D	10,00	11,63	Exento	Non presenta	21,63

Resolución do 16 de xullo de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 063 (oficial 1ª condutor/a//condutores/as 1ª e outros) do grupo III de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, pola quenda de promoción interna e cambio de categoría, pola que se lle dá publicidade a diversos acordos en relación co proceso selectivo.

Na sesión que tivo lugar o día 16 de xullo de 2009, o tribunal nomeado pola Orde do 29 de outubro de 2008 para cualificar o proceso selectivo para o acceso á categoría 063 (oficial 1ª condutor/a//condutores/as 1ª e outros) do grupo III de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, pola quenda de promoción interna e cambio de categoría, e convocada pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 21 de febreiro de 2006 (DOG nº 61, do 28 de marzo), modificada pola Orde do 17 de abril de 2008 (DOG nº 78, do 23 de abril), e de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, adoptou os seguintes acordos en relación co exercicio realizado por Ángel Casas Pérez en cumprimento da sentenza do Xulgado do Social número dous de Ourense na demanda número 1037/08, e do auto de execución provisional desta:

Primeiro.-Anular con base nas alegacións presentadas a preguntas 49 que procede substituír pola pregunta 51.

De conformidade co disposto na base II.3.7 da orde da convocatoria, contra este acordo poderá

interpoñerse recurso de alzada conforme o previsto no artigo 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segundo.-Desestimar na súa totalidade as restantes reclamacións e alegacións presentadas.

Terceiro.-De conformidade co disposto na base II.2.I da orde da convocatoria, na quenda de promoción interna e cambio de categoría superaron o primeiro exercicio da fase de oposición os aspirantes que obtiveron unha puntuación mínima de doce puntos e medio (12.5). Para acadar a dita puntuación é necesario ter o 50% de respostas correctas unha vez aplicados os descontos.

Cuarto.-Realizar os trámites oportunos para a publicación da puntuación obtida polo aspirante presentados ao primeiro exercicio do proceso selectivo para o acceso á categoría 063 (oficial 1ª condutor/a//condutores/as 1ª e outros) do grupo III de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, pola quenda de promoción interna e cambio de categoría, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na sede electrónica da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Quinto.-A citada corrección do exercicio e a publicación da puntuación efectúase en cumprimento da sentenza do Xulgado do Social número dous de Ourense na demanda número 1037/08, e do auto de